



CONCELLO
AS SOMOZAS

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DO CONCURSO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS POR ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

En As Somozas, a dezaséis de xaneiro de dous mil vintetres, sendo as doce horas e trinta minutos, reúnen-se na Casa do Concello, baixo a presidencia da Secretaria-interventora do Concello de Moeche, Consolación Couce Calvo, designada pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarias de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a provisión en propiedade dunha praza de operario de instalacións deportivas, mediante concurso de méritos, segundo o establecido nas Bases oportunamente aprobadas:

Presidenta: Consolación Couce Calvo, do Concello de Moeche.

Vogais: Lourdes Pérez Garrote, María del Pilar Durán Rico e Montserrat Abeledo Vicos, do Concello de As Somozas.

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno, do Concello de As Somozas.

A Presidenta declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, acordase realizar a asignación de puntuacións correspondentes ó concurso de que se trata, en aplicación do establecido nas Bases da convocatoria.

Seguidamente indícase a puntuación obtida polas persoas aspirantes presentadas segundo o sinalado na base 6ª da convocatoria específica para a praza de que se trata, así como a puntuación total do concurso:

Apelidos e nome	Méritos profesionais: A) - B) - C) - D)	TOTAL
Guerreiro Barro, Verónica	C) 7,80	7,80
Ramos Castro, María José	A) 69,56	69,56
Viñas Mayo Rubén	Non acredita: 0	0,00

Rematada a asignación de puntuacións do concurso, o Tribunal aproba a seguinte relación das persoas aspirantes, pola orde da puntuación obtida, e dispón a publicación dunha copia da presente acta no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web, en aplicación do establecido nas bases da convocatoria:



Apelidos e nome	Puntuación no concurso
Ramos Castro, María José	69,56
Guerreiro Barro, Verónica	7,80
Viñas Mayo Rubén	0,00

Acorda tamén o Tribunal propoñer á Alcaldía o nomeamento como titular do posto convocado á persoa que obtivo a puntuación máis alta no proceso selectivo: Ramos Castro, María José, con DNI ***1054**.

As outras dúas persoas participantes no proceso selectivo, propón o Tribunal que pasen a formar parte da lista de agarda prevista na base 6ª das bases específicas da presente convocatoria.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, dase por rematado o acto sendo as trece horas e dez minutos, dispoñendo a Sra. Presidente que se redacte a presente acta, que asinan os membros do Tribunal, do que como Secretario certifico.

A PRESIDENTE,

AS VOGAIS,

O SECRETARIO,

